

FUTUROS RESIDENTES VISITARON A XERENCIA DE SANTIAGO ANTES DE ELIXIR O DESTINO DA SÚA FORMACIÓN

- *Foron recibidos por Eloína Núñez, xerente da área compostelá, e Rogelio Leira, Presidente da Comisión de Docencia*
- *Ao acto asistiron tamén os titores docentes das distintas especialidades que acompañaron aos residentes para coñecer os diferentes servizos*

Santiago, 14 de marzo 2019.- A Xerencia de Santiago organizou esta mañá a III Xornada de Portas Abertas para futuros residentes. No Salón de Actos xuntáronse os interesados en coñecer os centros da área sanitaria compostelá antes de elixir o destino e a especialidade para realizar a súa formación.

A recepción correu a cargo de Eloína Núñez, xerente da área compostelá, e Rogelio Leira, Presidente da Comisión de Docencia e ao acto asistiron os titores docentes das distintas especialidades que acompañaron aos residentes para coñecer os diferentes servizos.

A xornada de portas abertas foi creada para ofrecer información aos futuros residentes sobre as características da XXIS e a súa oferta como centro de formación especia e achegarlles a práctica clínica a formativa habitual para orientalo en canto ao seu proceso formativo como especialista nos nosos centros.

Saúdos